PAU 2027

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

DEBUXO ARTÍSTICO II

(Cód. 70)

A presente proba realízase ao abeiro do disposto no apartado sétimo, «Características dos exercicios», da Resolución do 3 de febreiro de 2026, publicada no DOG do 16 de febreiro de 2026.

No citado apartado sétimo establécese o seguinte:

Punto 2. …. "*preferentemente, as preguntas* ***contextualizaranse en contornos artísticos,*** *científicos,* ***humanísticos*** *e tecnolóxicos e en contornos próximos á vida do alumnado."*

Punto 3. "*Cada exercicio conterá necesariamente* ***preguntas abertas*** *e semiconstruídas que requirirán do alumnado* ***creatividade e capacidade de pensamento crítico, reflexión e madurez na súa resolución.***"

O exame é, polo tanto, **competencial** e deseñase como un instrumento no que se integren e valoren coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes nas que o estudante resolva problemas de aplicación funcional.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROBA

Na valoración da proba teranse en conta o seguinte:

En xeral a coherencia, a cohesión, a corrección gramatical, léxica e ortográfica dos textos producidos, así como a súa presentación, poderán ser consideradas tamén positivamente, de forma global, ata un máximo de **1 punto.**

PREGUNTA 1. A expresión gráfica e os seus recursos elementais, ata 6 puntos.

A literatura e as artes visuais converxen, transformando a experiencia do mundo en coñecemento sensorial e en expresión estética. Como sinala John Dewey, **a arte é experiencia.**

Na pregunta 1 presentase un texto e unha imaxe con contidos relacionados. O estudante debe crear unha nova imaxe que incorpore ambas as experiencias creativas. A arte da palabra e a arte da imaxe concorren na comprensión da realidade.

Valorarase o seguinte:

- A capacidade creativa do alumno atendendo o enunciado proposto, ata 1 punto.

- A capacidade de interpretación da obra proposta, ata 1 punto.

- A capacidade de análise e síntese da imaxe, ata 1 punto.

- A composición, ata 1 punto.

- A capacidade de organización do espacio no debuxo, ata 1 punto.

- O coñecemento do material empregado, a súa adecuación ó debuxo realizado e a capacidade expresiva da técnica gráfica, ata 1 punto.

A puntuación máxima será de 6 puntos.

PREGUNTA 2. Concepto e historia do debuxo. Proxectos gráficos colaborativos, ata 2 puntos.

A extensión da resposta non poderá exceder, con carácter aproximado, das 12 liñas ou das 200 palabras.

Analice as imaxes e argumente sobre o sentido da obra e a súa evolución.

- Evolución da obra desde o bosquexo ata a obra, ata 0,75 puntos.

- Tratamento técnico desde o bosquexo ata a obra, ata 0,5 puntos.

- Análise cambio simbólico desde o bosquexo ata a obra, ata 0,5 puntos.

- Valorarase a claridade expositiva, ata 0,25 puntos.

PREGUNTA 3. **Debuxo e espazo, ata 1 punto.**

A extensión da resposta non poderá exceder, con carácter aproximado, das 12 liñas ou das 200 palabras.

Analice o espazo na obra, a perspectiva e a tridimensionalidade.

- Análise da composición, da perspectiva, do sentido de tridimensionalidade e do espazo, ata 0,75 puntos.

- Valorarase a claridade expositiva, ata 0,25 puntos.

PREGUNTA 4. **A figura humana, ata 1 punto.**

A extensión da resposta non poderá exceder, con carácter aproximado, das 12 liñas ou das 200 palabras.

Analice a figura desde a idea inicial ata a execución definitiva.

- Análise da figura desde o bosquexo ata a obra final, ata 0,75 puntos.

- Valorarase a claridade expositiva, ata 0,25 puntos.

Santiago de Compostela, 11 de setembro, 2026.